

Ao rescate da cultura popular en Taboada

Redacción | 11 de outubro de 2019



Detalle do cartaz da polafía de Taboada. Imaxe: Sole Felloza (AELG).

As polafías son un método inventado, baixo coordinación de **Antonio Reigosa**, pola **Asociación de Escritoras en Lingua Galega** (AELG) co obxectivo de recuperar “usos de creación musical e literaria de carácter popular”. Percorren Galiza desde 2007 e este sábado, 12 de outubro, estarán na parroquia de Vilela, en Taboada.

As historias de tradición oral da comarca de **Chantada** son o botín que agardan recoller desde a sección de literatura e tradición oral da AELG. Para iso intervirán, a partir das cinco da tarde en Casa Romualdo (Vilar, Vilela, Taboada), **Ana Rey**, **Xosé Manuel Vázquez**, **Ana Vila**, **Francisco Almuíña**, **Anxo Moure** e máis veciñanza da contorna. O título da tarde, *Historias de cabezóns e loitadoras*.

Mais antes da polafía haberá programa previo, que comeza ás 11.30 horas na Casa Romualdo e segue media hora despois cunha excursión polas proximidades para coñecer a cabeza do guerreiro de Ralle e os esgrafiados. Guiará Xosé Manuel Vázquez. Previa reserva (982455010/650226646) poderase asistir a un xantar.

As polafías da AELG procuran adaptar “as antigas xuntanzas tradicionais aos tempos actuais, con recursos técnicos que permiten darlle agora un carácter estábel e con garantía de futuro á creación espontánea dos asistentes”.

Podes ver este artigo na próxima dirección